BASES CONVOCATORIA ERASMUS +

MOBILIDADE DE PERSOAL DE CICLOS SUPERIORES

Convocatoria de marzo a xuño de 2026

Proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000221492

FORMACIÓN PROFESIONAL OURENSE

CIFP A CARBALLEIRA - MARCOS VALCARCEL
CIFP A FARIXA
CIFP PORTOVELLO
IES 12 DE OUTUBRO

Cofinanciado por la Unión Europea

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL DE CICLOS SUPERIORES

Convocatoria de marzo a xuño de 2026

Consorcio FP Superior "Ourense-Europa"

CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel
Praza da Lexión, s/n 32002 Ourense
Teléfono: 988788470 / programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal / www.cifpacarballeira.gal

CIFP A Farixa
Rúa das Laxas, s/n 32005 Ourense
Teléfono: 988783012 / programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal / www.farixa.gal

CIFP Portovello
Rúa Luis Trabazos, 1 Ourense CP 32004 Ourense
Teléfono. 988788903 / programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal / www.cifpportovello.gal

IES 12 de Outubro
Av. de Santiago, 2 32001 Ourense
Teléfono: 988788211 / programas.internacionais.ies.12.outubro@edu.xunta.gal / www.12outubro.gal

1 Presentación

O Consorcio FP Superior Ourense-Europa abre unha convocatoria para asignar dez (10) bolsas de mobilidade de persoal para formación, de ciclos superiores nos Centros pertencentes a dito Consorcio, de acordo ao seguinte reparto acordado en reunión do Consorcio do 29 de xaneiro de 2026:

- **8 mobilidades de formación en países asociados ao Programa Erasmus+**:
  - CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel: 2 mobilidades
  - CIFP A Farixa: 2 mobilidades
  - CIFP Portovello: 2 mobilidades
  - IES 12 de Outubro: 2 mobilidades
- **2 mobilidades de formación en terceiros países non asociados ao Programa Erasmus+** en convocatoria única para todos os centros do Consorcio. Estas partida de mobilidades internacionais financiada con fondos de política interior está limitada ao 20% da subvención (mobilidades salientes a calquera país non asociado, rexións 1–14)

Listado de países admisibles no Programa Erasmus+

A asignación definitiva das mobilidades entre os centros do Consorcio realizarase unha vez recibidas e avaliadas todas as solicitudes presentadas. No caso de que nalgún dos centros queden prazas vacantes, estas poderán ser redistribuídas polo Consorcio entre o resto de centros participantes, garantindo sempre criterios obxectivos, de equidade e publicidade.

Así mesmo, no relativo ás mobilidades de formación en terceiros países non asociados ao Programa Erasmus+ (mobilidades internacionais), no caso de non existir solicitudes suficientes ou de quedar prazas vacantes, o Consorcio poderá reasignalas ao persoal dun dos centros.

Estes fondos proceden do Proxecto Erasmus nº 2024-1-ES01-KA131-HED-000221492 relativo á acción clave (KA1) de mobilidade de persoal para formación de Educación Superior, concedidos pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, e que están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

Mobilidade de persoal para formación (STT): consiste na realización dun período de aprendizaxe profesional nunha institución de educación superior, empresa ou entidade estranxeira relacionada co ámbito de traballo da persoa participante. As actividades poden incluír observación de prácticas (job shadowing), participación en cursos estruturados, obradoiros ou semanas internacionais, ou estadías formativas en organizacións. A finalidade é mellorar as competencias profesionais, metodolóxicas e internacionais do persoal, contribuíndo á modernización e internacionalización dos centros do Consorcio.

Catálogo de cursos de formación recoñecidos polo programa Erasmus+

O Consorcio FP Superior Ourense-Europa asesorará en todo o proceso ao persoal a través do seu Centro de Ensino.

2 Aspectos Xerais

2.1 Obxectivo

O obxectivo destas mobilidades é mellorar as competencias profesionais do persoal de educación superior mediante a adquisición directa de coñecementos, prácticas e enfoques innovadores en entidades europeas e internacionais que contribúan á modernización e internacionalización dos centros do Consorcio.

2.2 Persoas Beneficiarias

Persoal docente ou de coordinacións, membros do equipo directivo e persoal do centro implicado no desenvolvemento das ensinanzas relativas aos Ciclos Superiores de cada centro, con contrato no curso 2025-2026, durante o período de solicitude e de realización da mobilidade.

2.3 Lugar de desenvolvemento da mobilidade:

Poderanse realizar as mobilidades, dependendo da modalidade solicitada:

- en países asociados ao Programa Erasmus+
- en terceiros países non asociados

Listado de países admisibles no Programa Erasmus+

3 Período de realización e Duración

3.1 Período

A mobilidade se desenvolverá no período entre o marzo e xuño de 2026 sempre baixo a aprobación da dirección do centro.

3.2 Duración

A duración ordinaria das estadías será de máis de 2 día de ata 5 días laborables. O apoio individual poderá incluír ata 2 días de viaxe (modalidade estándar) e ata 6 días de viaxe no caso de desprazamento ecolóxico.

4 Achegas económicas para o persoal

4.1 Viaxe

Contribución aos gastos de viaxe de persoal baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolve a actividade correspondente, segundo o que se indica a continuación:

Distancia da viaxe	Importe por participante (ecolóxico)	Importe por participante (non ecolóxico)
Entre 10 e 99 km	56 €	28 €
Entre 100 e 499 km	285 €	211 €
Entre 500 e 1.999 km	417 €	309 €
Entre 2.000 e 2.999 km	535 €	395 €
Entre 3.000 e 3.999 km	785 €	580 €
Entre 4.000 e 7.999 km	1.188 €	1.188 €
8.000 km ou máis	1.735 €	1.735 €

A "**distancia de viaxe**" representa a distancia entre o lugar de orixe e o da realización da actividade, calculada segundo o instrumento oficial de medición do programa Erasmus+ (Distance Calculator E+) mentres que o "**importe**" cobre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar da realización da actividade como para a viaxe de volta.

O **desprazamento ecolóxico** defínese como aquel que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto, por exemplo o autobús, o ferrocarril ou o automóbil compartido. O avión non se pode considerar como desprazamento ecolóxico. En caso de solicitalo deberá constar no convenio correspondente.

4.2 Apoio individual:

As tarifas de apoio individual son as fixadas polo Consorcio para todo o proxecto, dentro das marxes establecidas pola Axencia Nacional/Guía do Programa. As cantidades dependerán do país de destino/acollida

País de acollida	Importe diario en EUR
Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Suecia	130,00 €
Terceiros países non asociados ao programa da rexión 13 e 14	130,00 €
Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.	115,00 €
Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía.	100,00 €
Terceiros países non asociados ao programa das rexións 1-12	190,00 €

O persoal que realicen unha mobilidade poderá recibir ata 2 días de viaxe de apoio individual adicional. En caso de desprazamento ecolóxico nun medio de transporte sostible, os membros do persoal que realicen unha mobilidade poderán recibir ata 6 días de viaxe de apoio individual adicional.

5 Comisión de selección

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión de selección que se constituirá en coa seguinte composición:

- **Presidente/a**: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- **Vogais**:
  - A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
  - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
- **Secretario/a**: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto, nomeada polo Presidente/a

No caso de que algunha das persoas integrantes da comisión avaliadora non poida asistir ou teña a condición de persoa solicitante nesta convocatoria, deberá ser substituída por outra persoa docente do centro, mediante nomeamento efectuado pola dirección, seguindo o procedemento establecido.

6 Criterios de selección mobilidades de Formación

Válido tanto para mobilidades nos países asociados do programa Erasmus+ como en terceiros países

A selección do persoal docente realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

- **Antigüidade no centro educativo (máximo 4 puntos).**
  - Destino provisional: 1 punto.
  - Menos de 2 anos con destino definitivo: 2 puntos.
  - Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 3 puntos.
  - Máis de 4 anos con destino definitivo: 4 puntos.

- **Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):**
  - Certificación de nivel B1: 1 punto.
  - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
  - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
  - Certificación de nivel C2: 4 puntos.

- **Proxecto de mobilidade (máximo 4 puntos):**

Valorarase a calidade e relevancia do proxecto presentado, atendendo aos seguintes criterios:

- **Estadías en organizacións** para creación de contactos e colaboracións (ata 2 puntos). Terán maior valoración as propostas orientadas á realización de estadías en institucións, empresas ou entidades estranxeiras co obxectivo de establecer novas relacións, favorecer convenios de colaboración, ou abrir vías para o envío de alumnado en prácticas (FCT) en futuras convocatorias, así como as accións de job shadowing directamente relacionadas co posto de traballo.
- **Seguimento de alumnado en prácticas** (ata 1 punto). Valorarase que a mobilidade inclúa visitas de seguimento ao alumnado que, no momento da estancia, se atope realizando prácticas no estranxeiro.

- **Participación en cursos estruturados**, semanas internacionais ou actividades equivalentes (ata 1 punto). Terán valoración cando estas actividades sexan pertinentes, estean aliñadas coas necesidades do centro ou do departamento e inclúan un plan de transferencia claro.
- **Participación previa do solicitante** (ata 1 punto). Concederase 1 punto ás persoas que non realizasen mobilidades de persoal Erasmus+ nos dous cursos anteriores, co obxectivo de fomentar a distribución equilibrada das oportunidades de formación.

- **Criterios de desempate.**

  No caso de empate na puntuación final, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

  - Terán prioridade as persoas solicitantes que nunca participasen en mobilidades do Programa Erasmus+.
  - Se persiste o empate, valorarase a distribución equilibrada entre departamentos, favorecendo que resulten seleccionadas persoas pertencentes a departamentos diferentes.
  - De continuar o empate tras aplicar os criterios anteriores, a selección resolverase mediante sorteo.

7 Solicitudes e prazo de presentación

O persoal interesado entregará a solicitude na secretaría do seu centro, **dende o 5 ao 10 de febreiro de 2026** antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria e o modelo de proxecto de formación no Anexo II para aquelas persoas que pretendan realizar unha estadía formativa nunha organización.

Xunto ao impreso de solicitude entregarase documentos acreditativos da competencia lingüística alegada, se é o caso.

8 Resolución de convocatoria

O comité de selección de cada centro baremará as solicitudes presentadas.

Finalizado o proceso publicaranse na páxina web do centro, as actas da resolución provisional o día 13 de febreiro de 2026, que comprenderá lista de adxudicacións, lista de agarda e candidatos non aptos.

O Prazo de reclamacións o solicitude de correccións será entre o 14 e o 19 de febreiro de 2026 ás 14:00.

A **resolución definitiva** farase pública o día 20 de febreiro de 2026 na web dos centros.

Se por causa xustificada algún candidato/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de agarda.

9 Compromisos das persoas seleccionadas

A concesión e o pagamento da bolsa de mobilidade quedan condicionados ao cumprimento dos seguintes compromisos por parte das persoas seleccionadas:

- **Antes da realización da mobilidade**
  - Obter a aprobación da dirección do centro para o desenvolvemento da mobilidade.
  - Unha vez aprobada pola dirección, solicitar e obter o permiso da Inspección Educativa.
  - Asinar, con anterioridade á data de inicio da actividade, o Convenio de Mobilidade, requisito imprescindible para percibir o 80% inicial da bolsa concedida.

- **Despois da realización da mobilidade**
  - Cumprimentar e enviar a enquisa final da UE (EU Survey) dentro do prazo establecido.
  - Entregar a certificación oficial da entidade de acollida que acredite a realización efectiva da mobilidade.
  - Aportar un informe final, no que se describa o impacto previsto da experiencia no centro e/ou na práctica docente.
  - O cumprimento íntegro destes requisitos condicionará o pagamento do 20% restante da bolsa.

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN MOBILIDADES FORMACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL CICLOS SUPERIORES
PROXECTO 2024-1-ES01-KA131-HED-000221492

DATOS DO/A CANDIDATO/A						
Apelidos				Nome		
Enderezo						
Teléfono 1		Correo electrónico				
DNI		Data de nacemento		Nacionalidade		
Participación previa en mobilidades ERASMUS+ cursos 23-24 / 24-25			NON ☐		SI ☐	
CURSO ACTUAL						
Centro			Antigüidade no centro			
IDIOMA DE TRABALLO						
Idioma acreditado:		NIVEL	C2 ☐	C1 ☐	B2 ☐	B1 ☐
INFORMACIÓN BÁSICA DO PROXECTO						
Nome da entidade						
Tipo de mobilidade de formación	☐ Formación prácticas por observación - job shadowing / Estadía en organización ☐ Participación en cursos / Semanas internacionais					
Cidade e País		Distancia segundo calculadora Erasmus+		Mobilidade en terceiro país ☐		
Datas de realización						
DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA						
☐ Documentos acreditativos da competencia lingüística.						
FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA						

Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense – Europa, no marco do Proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000221492.

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade, e ao abeiro da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que non teño débedas coa Facenda estatal, autonómica, local nin comunitaria, que non son debedor/a por resolución firme de reintegro e que non percibín nin solicitei outra axuda para o mesmo fin, ou que, de telas solicitado, me comprometo a comunicalo de inmediato ao Consorcio.
No caso de resultar seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino conforme a normativa vixente do Programa Erasmus+, salvo causa xustificada que me imposibilite a súa realización.

Sinatura	Data
	Ourense a

Comité de Selección de mobilidades de persoal para formación - Ciclos Superiores

Protección de datos persoais

- De conformidade co RGPD e coa Lei orgánica 3/2018, infórmase de que os datos persoais facilitados para participar nas mobilidades de persoal KA1312024 serán tratados polos centros do Consorcio, cada un deles como responsable do tratamento, coa exclusiva finalidade de xestionar a solicitude, execución, seguimento e xustificación das mobilidades.
- A información será almacenada no arquivo compartido "*mobilidades de persoal KA131-2024*", accesible só ás persoas coordinadoras designadas.
- Os datos serán comunicados ao SEPIE e á Comisión Europea para o cumprimento das obrigas do Programa. Cando a mobilidade se realice fóra da UE/EEE, poderán producirse transferencias internacionais estritamente necesarias, aplicando as garantías previstas polo RGPD.
- Os datos conservaranse durante 5 anos, conforme aos prazos de revisión establecidos pola Unión Europea.
- As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade ante o seu centro, así como contactar co seu Delegado/a de Protección de Datos. Tamén poderán presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- **O achegamento dos datos é obrigatorio** para tramitar a solicitude; a súa non presentación impedirá participar na convocatoria.

Anexo II - PROXECTO DE MOBILIDADE

Datos da mobilidade: Entidade/empresa datas	
Obxectivos da actividade	
Descrición das actividades	
Valor engadido para o Centro e impacto na actividade docente e no ciclo formativo	
Resultados previstos e instrumentos de implementación	
Outras	